



Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 1ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o consumo enerxético, minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro e acadar o mellor aproveitamento posible das enerxías renovables nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia (doc. núm. 834).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar perante a correspondente comisión parlamentaria os resultados periódicos do Sistema de Seguimento e Avaliación da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética no Sector Público Autonómico de Galicia 2015-2020.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a analizar a viabilidade de que a Xunta de Galicia pase a actuar como comprador cualificado no mercado libre da enerxía para os centros dependentes da Administración autonómica.

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/03/2017 17:14:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 17:38
Nº Rexistro: 6746
Data envío: 16/03/2017 17:38:11.482



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/03/2017 17:14:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia
